

Los girasoles ciegos

Alberto Méndez

Edit. Anagrama (2006)

“Los girasoles ciegos” contáanse catro historias de perdedores. Perdedores que na derrota triunfa, porque o seu sentido da honestidade, da ética, impulsáballes a renunciar ao engano e á impostura. O autor pretendía facer unha homenaxe á memoria. Recoller esas historias que se seguían contando para que non foran esquecidas. Son historias reais que serven de punto de partida, pero nas que a literatura e a imaxinación tamén teñen o seu espazo. Hai logo, unha mestura de feitos verídicos e aportacións do autor co que queda



Mil soles espléndidos

Khaled Hosseini

Edit. Salamandra (2007)

É a conmovedora historia de amizade entre dúas mulleres afganas de orixen moi diferente, cuxos destinos se mesturan. Marian é a filla ilexítima dun rico home de negocios a quen cria a súa nai nunhas condicións moi modestas, pero que aos quince anos a súa vida cambia cando o seu pai a manda a Kabul para casar con Rashid, un zapateiro trinta anos maior que ela. Casi dúas décadas máis tarde, Rashid atopa nas rúas de Kabul a Laila, unha moza de quince anos sen fogar. Rashid lévaa para a súa casa, onde terá que convivir con Marian, forxándose deste xeito un vínculo indestructible entre as dúas que lles axudará a superar todas as adversidades.



Poemas y Canciones

Bertolt Brecht

Poemas y Canciones (1997)

“Poemas y Canciones” é un libro no que atopamos a maioría da produción poética de Brecht que está traducida ao castelán. Trátase en xeral, de poemas cortos nos que se plasma un pacifismo radical, un compromiso social total e unha crítica lacerante da burguesía y do capitalismo. Brecht defende ao home do pobo fronte aos seus gobernantes.



*“Al río torrentoso lo llaman violento
pero al lecho que lo comprime
nadie lo considera violento”*

Bertolt Brecht



**BIBLIOTECA
O segrel
do Penedo**

P OEMAS,

A MIZADES,

Z ALEMAS,

Paz

e moito máis na nosa

BIBLIOTECA

**SUXESTIÓNS DE
LECTURA**

**DÍA DA PAZ
XANEIRO 2008**

Grito por ver la luz

Gressl, Engelbert

Edit. Edelvives (2004)



Mentres que en Europa a familia de Martín vive na opulencia, en África, Mbulu sobrevive en medio dunha guerra civil. A comodidade de Martín é posible porque en algures alguén morre por culpa das armas coas que trafica o seu pai. Pero as dúas caras desta moeda teñen un punto de unión, e a venda dos ollos da familia europea caerá para amosar

unha realidade, senón máis amable, si máis esperanzadora, a lo menos para Mbulu.

Érase una vez la Paz

VVAA

Edit. Planeta (2006)

Vinte autores e ilustradores colaboran solidariamente neste libro a favor de todos os nenos e nenas do mundo. Contos para sensibilizarnos da situación na que viven os nenos e nenas refuxiados orfos que foron utilizados como soldados en conflitos bélicos.

Prólogo de José María Bandrés



Detrás de los Ojos.

Graciela Fainstein

Edit. Nadhari (2006)



En 1976, en Bos Aires, Graciela foi secuestrada, xunto a Dani, o seu mozo, e a súa amiga Pupi, polas forzas militares da ditadura. Durante tres días viviu o medo, a tortura e a humillación. Vintecinco anos máis tarde, en Madrid, Graciela ten “aprendido a esquecer, afastarse da lembranza, rexeitar a memoria”, pero dáse de conta de que o esquecemento non é máis que un

remedio pasaxeiro necesario ás veces para non caer na tolería, e que a aprendizaxe e o crecemento ten a súa base no recordo, na memoria.

El viento se llevará nuestras palabras

Doris Lessing

Ediciones B (2007)



Doris Lessing, apaixonada loitador apola liberdade e as causas humanitarias, analiza este libro a viaxe que realizou a Peshawar –Pakistán– en setembro de 1986, invitada pola organización benéfica Afghan Relief. A finalidade desta viaxe era comprobar por si mesma a realidade dun pobo pisoteado durante os anos da invasión rusa.

Axudoulle a formarse unha idea precisa das consecuencias da guerra, así como a denunciar a apatía de Occidente. Este libro é o resultado dun desexo de acabar co nesa indiferencia.

Las 13 Rosas

Carlos Fonseca

Edit. Temas de Hoy (2004)


A historia máis conmovedora da Guerra Civil, para nós sempre será a Guerra Incivil. O drama das trece mulleres militantes das Xuventudes Socialistas asasina-das polo réxime franquista no verano de 1939. As 13 rosas relata os últimos días de vida que as fusiladas pasaron no cárcere, onde foron acusadas dun atentado terrorista que nunca cometeron e polo que foron condeadas a morte. Un traballo de investigación que serviu como base para o guión da película que dirixiu Emilio Martínez Lázaro.



Diez años después

Gervasio Sánchez

Edit. Intermón Oxfam (2007)



12 vítimas das minas antipersona e a súa realidade dez anos despois das súas mutilación, vista a través das imaxes, dunha gran sensibilidade moral, dun dos poucos corresponsais de guerra internacionais que documenta o sufrimento humano provocado polas guerras. A través dos ollos do autor vemos a nenos que se converteron en adultos; outros están casado, tiveron fillos, aprenderon un oficio... algunhas páxinas do libro transmiten felicidade, outras tristeza...